



PROBAS DE ACCESO A GRAO SUPERIOR 2010

INSCRIPCIÓN PARA A PROBA

Do 18 ao 29 de xaneiro

PUBLICACIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE INSCRITOS

3 de febreiro

RECLAMACIÓN A ESTA LISTAXE PROVISIONAL

4,5 e 8 de febreiro

PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA

9 de febreiro

PUBLICACIÓN PROVISIONAL DE EXENCIÓNS

19 de febreiro

RECLAMACIÓN CONTRA A LISTAXE DE EXENCIÓNS

22,23 e 24 de febreiro

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE EXENCIÓNS

5 de marzo

PUBLICACIÓN DOS CENTROS ONDE SE REALIZARÁ A PROBA

3 de marzo

CELEBRACIÓN DA PROBA

27 de marzo

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

21 de abril

RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

23,23 e 26 de abril

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

10 de maio

ENTREGA DOS CERTIFICADOS DE SUPERACIÓN DA PROBA

11 de maio

CARACTERÍSTICAS DA PROBA

REQUISITOS PERSOAS PARTICIPANTES NA PROBA DE ACCESO AO GRAO SUPERIOR.

- a) Ter cumpridos dezanove anos ou cumprilos no ano natural de realización da proba, ou
- b) Cumprir ou ter cumpridos dezaioito anos no ano natural de realización da proba, e dispor dun título de técnico que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción a que opta.





ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA.

Adecuaranse a aspectos básicos do currículo de determinadas materias do bacharelato. Estruturaránse en dúas partes: común e específica.

A PARTE COMÚN

Valorará a madureza e a idoneidade das persoas candidatas para seguiren con éxito os estudos de formación profesional de grao superior, así como a súa capacidade de razoamento e expresión escrita.

Organizarase en tres probas:

- ☒ **Lingua galega.**
- ☒ **Lingua castelá.**
- ☒ **Matemáticas.**

A PARTE ESPECÍFICA

Valorará as capacidades de base referentes ao campo profesional de que se trate, e versará sobre coñecementos básicos das materias de referencia establecidas para cada ciclo formativo a que se pretenda acceder.

ORGANIZARASE CON BASE EN TRES OPCÍONS, A, B E C, en función das familias profesionais.

A persoa aspirante deberá elixir unha das tres opcións no momento de formalizar a solicitude de inscrición para a proba, escollendo dúas das tres materias das que desexa que se lle examine:

- ☒ **OPCIÓN A:** economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.
- ☒ **OPCIÓN B:** debuxo técnico, tecnoloxía industrial e física.
- ☒ **OPCIÓN C:** ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

EXENCÍONS NAS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

Exención da **PARTE ESPECÍFICA** da proba, acreditando unha das seguintes circunstancias:

- ☒ Certificación de superación dun ciclo formativo de grao medio que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta.
- ☒ Certificación de superación dun certificado de profesionalidade de nivel dous ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta.
- ☒ Acreditación como mínimo dun ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenda cursar. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas.
- ☒ ****O alumnado que se inscriba nestas probas e estivese en condicións de posuír na convocatoria de xuño de 2010 un título de técnico que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta poderá solicitar a exención da parte específica.***

CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

A cualificación de cada unha das partes da proba será numérica, **entre cero e dez puntos.**

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada unha das partes, e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será **positiva a cualificación de cinco puntos ou superior.**

Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de cinco puntos.

Para as persoas que dispoñan dun título de técnico e realizasen o curso de preparación da proba de acceso no cálculo final da nota engadiráselle á media aritmética a puntuación resultante de multiplicar polo coeficiente 0,15 a cualificación obtida no devandito curso.

Quen **non superase a proba na súa totalidade, manterá a cualificación obtida nas partes superadas** cunha puntuación igual ou superior a cinco en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia durante un máximo de dous anos. As persoas interesadas en acollerse a esta posibilidade deberán acreditalo no momento de formalizar a inscrición.

